

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULDADE DE CIENCIAS DO MAR
(GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Programación e desenvolvemento estratéxico

CÓDIGO DE-01 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura 30/07/2021	Data e sinatura	Data e sinatura

Proceso

Programación e desenvolvemento estratéxico

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación dos procedementos (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGIC dos centros.
01-03	2008-2012	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros no ámbito dos seus SGIC baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación do deseño remitidos pola ACSUG.
			Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura; novos contidos. Integra e substitúe o procedemento: <ul style="list-style-type: none">• DE01-PR01 «Planificación e desenvolvemento estratéxico» do sistema de calidade no ámbito de xestión.
04	03/11/2014	Área de Calidade	Modificación do título e do código: pasa de PE01 a DE-01 P1 «Planificación e desenvolvemento estratéxico».
			Consideración dos informes finais da auditoría de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade da convocatoria 2013/2014 no relativo á definición e ao seguimento dos obxectivos de calidade dos centros.
05	30/07/2021	Área de Calidade	Actualización do procedemento. Adaptación do procedemento as actuacións no ámbito de centro. Modificación do título: pasa a ser “Programación e desenvolvemento estratéxico”.

Índice

I Obxecto	4
II Alcance	4
III Referencias	4
IV Desenvolvemento	6
V Anexos	9

I OBXECTO

Establecer a sistemática no centro que permite organizar, despregar e avaliar de forma axeitada a estratexia en liña coa institución, de forma que constitúa un soporte para definir a política e os obxectivos de calidade propios do centro e as súas titulacións cunha orientación cara o futuro.

II ALCANCE

O alcance do procedemento esténdese a os centros e as titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo, no marco do seu Sistema de Calidade e de acordo ás súas particulares características, resultados e valores.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

- Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGIC da Facultade está descrita no seu *Manual de calidade*.

III.2. Definicións

- Estratexia: plan estruturado para acadar os obxectivos (UNE-EN ISO 9000).
- Misión: descrición de por que existe unha organización. (Norma UNE-EN ISO 9004).
- Planificación da calidade: parte da xestión de calidade enfocada ao establecemento dos obxectivos de calidade e á especificación dos procesos operativos necesarios e dos recursos relacionados para cumprir eses obxectivos de calidade. (Norma UNE-EN ISO 9000).
- Plan estratéxico: programa de actuación que procura orientar organizadamente as actividades da Facultade de Ciencias do Mar, de acordo coas súas propias capacidades e coas necesidades sociais. (Plan estratéxico da Universidade de Vigo).
- Plan operativo: plan estratéxico funcional para desenvolver e facer operativa a estratexia da Facultade de Ciencias do Mar nun ámbito. (Plan operativo de xestión da Universidade de Vigo).
- Política de calidade: intencións globais e orientación dunha organización relativas á calidade tal como se expresan formalmente pola alta dirección. Nota: xeralmente a política de calidade é coherente coa política global da organización e proporciona un marco de referencia para establecer os obxectivos da calidade. (Norma UNE-EN ISO 9000).
- Obxectivos de calidade: algo ambicionado ou pretendido, relacionado coa calidade. Nota: os obxectivos da calidade xeralmente baséanse na política de calidade da organización. (Norma UNE-EN ISO 9000).
- Organización: conxunto de persoas e instalacións cunha disposición de responsabilidades, autoridades e relacións. (Norma UNE-EN ISO 9000).
- Visión: descrición do estado desexado dunha organización, é dicir, do que quere ser a organización e como quere que a vexan as partes interesadas. (Norma UNE-EN ISO 9004). A visión ou a intención estratéxica é o estado futuro desexado pola organización. Trátase da aspiración ao redor da que se intenta centrar a atención e as enerxías dos membros da organización.

III.3. Abreviaturas e siglas

- SGIC: sistema de garantía de interna de calidade.

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

A planificación e o desenvolvemento estratéxico permiten determinar, formalizar e desenvolver a política, a través das liñas estratéxicas, co fin de acadar os obxectivos previstos.

IV.2. Responsable do proceso

Institucional: Equipo Reitoral.

Centro: Decanato.


IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento DE-02 P1 Procedemento para o seguimento e medición.


A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

estratéxico

IV.4. Diagrama de fluxo



II. Análise estratéxico e deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro



V ANEXOS

Documentos

Denominación	Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Revisión
Política e Obxectivos de Calidade	Electrónico	Páxina web da Facultade	Coordinador/a de Calidade da Facultade	Anual

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1-D00203 P1	Programa de Desenvolvemento Estratéxico	Electrónico	Aplicación do SGIC- Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade da Facultade	6 anos